



Concello de Mugardos

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado por resolución núm. 106 do 08/02/2022.

Exténdoa eu, o secretario, David Veiga Sierra o día indicado no panel de sinatura (08/02/2022)

Convocatoria do III Concurso escolar literario “8 de marzo. Figuras ocultas”

CONCELLERÍA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE MUGARDOS

Primeira. – Participantes.

1. Poderán participar alumnado dos centros educativos do concello de Mugardos matriculado nos cursos seguintes:

Categoría 1: 5º e 6º EPO

Categoría 2: 1º e 2º ESO

Categoría 3: 3º e 4º ESO

Segunda. – Presentación e temática de obras.

2.1. As obras deberán estar escritas en lingua galega, ser orixinais e inéditas, no poderán ter sido premiadas noutros concursos e poderán responder a calquera xénero literario.

2.2. Temática: O tema dos traballos versará sobre a visibilización de calquera historia de vida, de traballo, de coidados, de loita, de mulleres de Mugardos ou relacionadas dalgún xeito co pobo, sobre as mulleres, que para os e as participantes no concurso supoñen figuras ocultas da sociedade mugardesa.

As historias deberán reflectir a loita ou logro de calquera muller mugardesa ou directamente relacionada co pobo, contemporánea ou non, con respecto a calquera tema: vivencias, relación familiares, os coidados, o ámbito laboral, a violencia de xénero, a corresponsabilidade, a contribución á sociedade mugardesa.

A **mención especial** ao centro de ensino decidiráa o xurado en función da maior implicación no concurso tendo en conta a maior proporción de obras admitidas no concurso en relación ao nº de alumnado matriculado no centro por categoría.

2.3. Cada participante poderá concursar presentando unha obra como máximo, coas seguintes características:

A obra no poderá exceder dos 3 folios (tamaño A4), nin ser inferior a 1 folio, escritos a ordenador, a 1,5 espazos, a unha sola cara e debidamente grampados (non encuadernados ou cosidos). Asimismo, o tipo de fonte deberá ser Arial, tamaño 12. As marxes serán de 3 cm.

Só se enviará un orixinal, sen copias e cun pseudónimo, acompañado dun sobre selado cuxo **exterior** contén o centro no que o alumno/a está matriculado/a, a **categoría** (1, 2 ou 3) na que participa, o **título** da historia e o **pseudónimo** e **dentro**, **título** da historia, **nome e apelidos**, data de **nacemento**, nome e apelidos do pai / nai autorizando a participación do seu fillo ou filla no presente Concurso escolar literario, enderezo, correo electrónico e teléfono. O sobre pequeno selado cos datos e o relato enviaranse dentro dun sobre.

2.4. O prazo de presentación das obras será dende o día seguinte á publicación da convocatoria no BOP vía conducto BDNS ata o 7 de marzo de 2022. Presentaránse no Rexistro de entrada do Concello, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou por calquera dos medios establecidos no Artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O enderezo de envío por correo postal é III



Cod. Validación: 5JZX273068KCLNNECPSGGH5KH | Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



Concello de Mugardos

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado por resolución núm. 106 do 08/02/2022.

Exténdoa eu, o secretario, David Veiga Sierra o día indicado no panel de sinatura (08/02/2022)

Concurso escolar literario: 8 de marzo. Figuras ocultas, Concellería de Igualdade do Concello de Mugardos, Avda. de Galicia, 45,15620 Mugardos (A Coruña).

Terceira.- Prazo e obra gañadora.

3.1. A participación no concurso leva implícita a aceptación de todas as bases, así como as decisións e fallo do xurado.

3.2. Establécense os seguintes premios para cada categoría:

Categoría 1: Vale por valor de 100 €.

Categoría 2: Vale por valor de 100 €.

Categoría 3: Vale por valor de 100 €.

Os vales poderán ser canxeados nun establecemento do Concello de Mugardos de entre varios que serán comunicados previamente ás persoas gañadoras. Poderán ser canxeados por xoguetes, xogos educativos, libros, e/ou material necesario para práctica dalgunha das actividades culturais e deportivas que se correspondan coa idade do/a menor gañado/a

Mención especial ao centro mais implicado: Vale por valor de 200 € que poderá ser canxeado por gastos correntes (material escolar, cultural, deportivo ou lúdico, que non se poidan considerar gastos de inversión) nun establecemento do Concello de Mugardos de entre varios que serán comunicados previamente ao centro educativo gañador.

3.3. O concurso poderá declararse deserto en todas ou en alguna categoría.

3.4. Serán excluídas do concurso todas aquelas obras con contido irrespetuoso ou que atente contra a dignidade de persoas ou colectivos.

3.5. As persoas gañadoras e as obras premiadas daránse a coñecer ao longo do mes de marzo de 2022 na páxina web do Concello de Mugardos e se comunicará teléfono á persona ganadora do concurso. E o premio será entregado nun acto público no Concello de Mugardos.

3.6. As obras premiadas quedarán como propiedade do Concello de Mugardos. As obras non premiadas poderán ser retiradas no mes seguinte á publicación do fallo do xurado.

Cuarta.- Xurado.

4.1. O xurado será designado polo concello e estará composto por persoas relacionadas co mundo da literatura, da educación e da igualdade.

4.2. O fallo do xurado será inapelable.

Quinta.- Información.

5.1. Para mais información, pódese contactar escribindo ao correo electrónico servizos.sociais@mugardosmugardos.gal



Cod. Validación: 5JZXZ73Q68KCLNNECPSSGGH5KH | Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



Concello de Mugardos

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado por resolución núm. 106 do 08/02/2022.

Exténdoa eu, o secretario, David Veiga Sierra o día indicado no panel de sinatura (08/02/2022)

Anexo I: Aceptación da participación como entidade colaboradora na xestión dos premios do III Concurso escolar literario 8 de marzo. Figuras ocultas 2022:

A) DATOS DO ESTABLECEMENTO

| | |
|---------------------------------------|--------------------|
| Nome (Denominación do Establecemento) | |
| Enderezo completo | |
| Teléfono | |
| NIF | Correo electrónico |
| Titular (Apelidos e nome, empresa) | |

B) DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DA CONTA BANCARIA

A persoa abaixo asinante declara, baixo a súa responsabilidade e para os efectos da percepción dos pagos, que a conta bancaria que a seguir se indica ten o mesmo titular que o

| BAMOS BANCARIOS | | | | | | | | | | | | |
|-----------------|------|----|----------|--|--|--|----------|--|--|---------------------|--|--|
| IBAN | E | S | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | |
| | PAIS | Nº | Entidade | | | | Sucursal | | | Núm. Conta bancaria | | |

establecemento.

C) COMPROBACIÓN DOS DATOS DE IDENTIDADE

Sinale cun X unha das opcións:

A persoa abaixo asinante dá o seu consentimento para a verificación telemática dos datos de identidade.

A persoa abaixo asinante NON dá o seu consentimento para a verificación telemática dos datos de identidade polo que achega copia do documento de identidade do titular do establecemento.

Mugardos, ___ de _____ de 2022

Sinatura da persoa titular do establecemento

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620-Mugardos correo@mugardos.gal.

1.-FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓN: O Concello de Mugardos poderá ceder os seus datos de carácter persoal a outras administracións.

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.



Cod. Validación: 5JZX273068KCLNNECP5GGH5KH | Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



Concello de Mugardos

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado por resolución núm. 106 do 08/02/2022.

Exténdoa eu, o secretario, David Veiga Sierra o día indicado no panel de sinatura (08/02/2022)

O Concello de Mugardos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

SRA. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)



Cod. Validación: 5JZX273Q68KCLNNECPSGGH5KH | Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4